

NÚMERO 14/19

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2019.

Na Casa do Concello de Sada, ás dez horas e catro minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os/as sres./sras. concelleiros/as D^a. María Pilar Taibo Fernández, D. Xosé Fernando Fariña Andrade, D^a. Rebeca Mouriño Neira, D. Francisco Xosé Montouto Pérez, D^a. Ana Paola Mondaca González, D^a. María Soraya Salorio Porral, D^a. María José García Freire, D^a. María Carmen Pose Varela, D. José Luis Tellado Villares, D. Manuel López Losada, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. María Pardo Fafián, D^a. Isabel Reimúndez Suárez, D^a. Laura Rodríguez Pena, D^a. María Nogareda Marzoa e D. Breogán Blanco González, asistidos polo Secretario Accidental da Corporación, D. Juan Esteban Méndez Leiva. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 13/2019.-

O sr. Alcalde pregunta se hai algunha observación.-

A sra. Salorio Porral plantexa unha cuestión de orde, en relación a se nun Pleno Extraordinario pode vir como punto da Orde do Día a aprobación de actas, porque dentro de quince días está pensado que haxa outro Pleno ou é que este non vai ter lugar, e tamén se é normal que nun Pleno Extraordinario haxa catro puntos na Orde do Día.-

O sr. Alcalde respóndelle que é normal, que pode haber catro puntos na Orde do Día dun Pleno Extraordinario, non é habitual, pero que o permite o lei e vai haber Pleno o 7 de novembro, tal e como se acordou na Comisión Informativa Xeral, vai ser o Pleno Ordinario correspondente ao mes de outubro, como lles confirmou á sra. Salorio Porral e ao sr. López Losada, engade que a inclusión da lectura e aprobación da acta foi a proposta do sr. Secretario Accidental.

O secretario accidental respóndelle que o artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, distingue entre sesións ordinarias e extraordinarias, que poden ser ademais urxentes (catástrofe, violencia de xénero, atentados terroristas, etc.), e matiza que nas sesións ordinarias e nas extraordinarias poden haber actas para a súa aprobación e lectura, sendo intención do Secretario redactar as actas o máis axiña posible para a súa dispoñibilidade.-

A continuación, procédese á votación, sendo aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior, núm. 13/2019, do 26 de setembro de 2019.-

2º.- Aprobación do proxecto modificado da obra incluída no Plan Adicional 1-1ª Fase do POS+2019: Remodelación do parque infantil da urbanización das Brañas, Sada.-

O sr. Fariña Andrade comenta que se trae este expediente a Pleno atendendo a unha serie de demandas veciñais e observacións que se fixeron ao proxecto, dotando mellor a este parque, que ten moito uso, e que non se modifica o custe do proxecto.-

A sra. Bolaño Fariñas reflexiona que, a colación co dito pola sra. Salorio Porral, debería haber un so Pleno Ordinario, e non dous: unha primeira sesión extraordinaria e outra posterior, de carácter ordinario, con rogos e preguntas. Continúa sinalando que neste punto o seu grupo se vai abster, porque vai saír adiante e porque se trata dunha obra que non foi consensuada, correspondente ao mandato anterior. Trátase dunha modificación dun proxecto que se redactou no anterior mandato, polo mesmo partido político, e lembra que o PSOE xa tivera formulado observacións porque se trata dun parque situado nas Brañas, onde se xoga ao fútbol, que hai unha estrada onde pasan vehículos preto e que sería razoable redistribuir o tráfico, etc.-

A sra. García Freire comeza indicando que se trata dunha modificación considerable do proxecto, e que será por demandas veciñais, pero a modificación consiste en: máis superficie, máis caucho, máis valla de madeira, substitución de xogos, instalación de máis xogos ao mesmo custe. Considera que é estraño que se cambie tanto o proxecto por decisión do que encarga o proxecto, non por decisión do proxectista. Consideran que este proxecto modificado se corresponde cunha adxudicación previa e anuncia que o voto do seu grupo vai ser a abstención.-

Debatido o asunto, adóptase por dez votos a favor (6 SM, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra, e 7 abstencións (5 PP e 2 PSOE) o seguinte acordo:

1º.- Aprobación do proxecto modificado da obra de Remodelación do parque infantil Urbanización das Brañas, Sada, incluído na 1ª Fase do Plan Adicional 1 do POS+2019, cun orzamento total de 218.404,03

€, redactado por D. Alejandro Peña López, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 14.385.-

2º.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.-

3º.- Dar conta á Excma. Deputación Provincial.-

3º.- Corrección erros do proxecto incluído no POS+2019 Adicional 1/2019 2ª fase: Instalación colector pluviais Avda. Sada Contornos, camiño Cemiterio ata Avda. do Porto.-

O sr. Fariña Andrade comeza sinalando que se detectaron unha serie de erros na xustificación de prezos, se procedeu á subsanación de erros e por iso houbo que traelo de novo a Pleno.-

A sra. Bolaño Fariñas comeza indicando que este caso é distinto ao anterior, porque a Deputación Provincial detectou uns erros no proxecto e o Concello de Sada fixo unhas correccións, polo que se ten que aprobar de novo en Pleno, e anuncia que se absterán ao igual que cando viñeron os proxectos do POS 2019.-

A sra. García Freire comenta que estamos ante unha corrección porque detectan dende a Deputación Provincial deficiencias nos custes, pero non existe ese informe da Deputación, pero debería haber un novo informe e non o informe de xuño, porque non existe un novo informe de xustificación dos prezos e anuncia que o seu grupo se absterá.-

Debatido o asunto, adóptase por dez votos a favor (6 SM, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra, e 7 abstencións (5 PP e 2 PSOE) o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto corrixido da obra de Instalación de tubaría de pluviais na Avda. De Sada y sus Contornos e rúa do Cemiterio ata Avda. Do Porto”, incluído na 2ª Fase do Plan Adicional 1 do POS+2019, cun orzamento total de 225.367,76 €, redactado polo D. Joaquín Álvarez Portela, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 10.603 e asinado en data 21-10-19.-

2º.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.-

3º.- Dar conta á Excma. Deputación Provincial.-

4º.- Modificación ordenanza fiscal do IBI. Establecemento da bonificación prevista no artigo 74.2 do TRLRHL.-

A sra. Taibo Fernández comeza sinalando que a Xerencia Territorial do Catastro levou a cabo un procedemento de valoración colectiva de carácter xeral no Concello de Sada polo que se actualizou o valor catastral de todos os bens inmoables, esta valoración catastral supuxo unha suba media de máis do 50%, aínda que algúns bens reduciron o seu valor, pasando o valor medio de 40.000.- euros a case 60.000, o que implica que o recibo de contribución urbana ou IBI pase de 199.- euros a 299,89.- euros, incrementándose unha media de 100 euros por inmoable. Esta suba entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2020, pero non se pagará todo xunto, senón que o propio Catastro aplicará un incremento gradual ao longo de 10 anos. Trátase doutra medida do Goberno Municipal, igual que a adoptada en 2016, cando o Goberno Municipal decidira non subir o tipo impositivo do IBI, que permaneceu en 0,50% e non subiu ata o 0,60%, favorecendo unha baixada do imposto que foi sobre o 16%. Vistas as posibilidades ou as diferentes medidas que dende a Administración Local se poden adoptar en referencia a este asunto para atenuar a subida do Imposto de Bens Inmoables, naqueles casos no que o valor catastral do inmoable se veu incrementado nunha porcentaxe maior ao 30%, sendo así na maior parte dos inmoables, se propón establecer unha bonificación potestativa durante un período de 3 anos, equivalente á diferenza positiva entre a cota íntegra do exercicio e a cota líquida do exercicio anterior multiplicada esta última polo coeficiente do incremento máximo anual da cota líquida que queda establecido no 1,03 para todos os tramos do valor catastral e todas as modalidades de uso das construcións que en aquela se fixen e na que se sitúen os diferentes bens inmoables do municipio, conforme establece o artigo 74.2 do TRLRHL. Esta bonificación aplicarase durante un período de 3 anos, prazo máximo previsto pola lei, e poderá ser compatible con outras bonificacións xa contempladas na ordenanza municipal ou aquelas outras medidas que se poidan implantar na mesma.-

A sra. Bolaño Fariñas ten unha dúbida e pregunta se hai tramos dependendo do valor catastral ou se a medida se aplica a todos os inmoables por igual, por cuestións de progresividade. Tamén reflexiona que esta redución do IBI debe ter en conta que esa redución se aplique á vivenda habitual e que non se aplique a unha segunda ou terceira vivenda, debendo excluírse estoutros casos, como ocorre coas familias numerosas. Anuncio que votarán a favor.-

A sra. Salorio Porral comeza sinalando que no mes de outubro non se celebrará Pleno Ordinario, tal e como decidiron todos, e o sr. Alcalde convoca un Pleno Extraordinario no que a oposición non poderá nin debater mocións nin facer rogos e preguntas, e o seu grupo rexistrou unha declaración institucional d firme condena dos actos violentos protagonizados por elementos radicais os últimos días en Cataluña, que quedará para o vindeiro Pleno do 7 de novembro, e que será extemporánea, e tamén presentaron unha moción relativa á modificación da Ordenanza núm. 1 reguladora do IBI, para rebaixar o tipo impositivo do 0,5% ao tipo mínimo legal do 0,40%. Suliña que quedará para o próximo Pleno, pola negativa de unificar os Plenos, como tamén sinalou a sra. Bolaño Fariñas. Continúa que se propón bonificar a Ordenanza do IBI durante tres anos, para deixarlle o marrón a quen governe dentro de 4 anos, en 2023, e sinala que como o remanente de tesoureiría non deixou de crecer nos últimos anos, e non xustificación para unha suba tan importante da recadación municipal, pola vía do IBI, que afectaría a todos os veciños, onte presentaron unha moción consistente en instar á Alcaldía en que se complete a regulación da ordenanza fiscal rebaixando o tipo impositivo do 0,50% ao tipo mínimo legal do 0,40%, que reduza, na medida do posible, a suba producida polo incremento do valor catastral, deixando así o tipo mínimo previsto legalmente. Lembra que o seu grupo municipal presentou unha moción no Pleno de 26 de novembro de 2015, para rebaixar o IBI, que foi rexeitada polo voto en contra de todos, so obtivo o voto a favor do PP. Unha nota de prensa do 14 de xaneiro de 2016 tiña o titular de que 40 Concellos tramitan xa a rebaixa do IBI, dos solos urbanos sen edificar, e engade que o Concello de Sada non estaba dentro deses 40. Saliencia que a proposta que se trae a Pleno non rebaixa os impostos, e que desde que se creou o IBI non deixou de subir e agora é outra suba, porque por moito que se bonifique nestes tres anos, na declaración da renda terán que indicar o novo valor catastral, independentemente do importe do recibo, e pregúntase se o valor catastral está ben feito, e aclara que o Catastro está utilizando módulos de referencia de mercado máis altos dos que utiliza a Xunta de Galicia, e pregúntase se fixeron unha consulta ao respecto, e se os carteis que hai no edificio serven para aclarar aos veciños estas dúbidas. Conclúe que apoiarán a proposta pero que queren que se teña en conta a súa moción.-

A sra. Taibo Fernández respóstalle á sra. Bolaño Fariñas que a proposta aplicárase a todos aqueles inmobles no caso de que a variación supere o 30% do valor catastral que tiña anteriormente, independentemente do tamaño, vai en función dos anos en que ese inmovible non se veu afectado por unha valoración, é dicir, tiveron unha actualización do seu valor catastral, e a medida é de 26 anos, data da última valoración conxunta. Continúa respondendo á sra. Salorio Porral que este Goberno non é o que sube o IBI, senón o Ministerio de Facenda, e lembra que nas comunicacións que mandou o Catastro viña que esta oficina de información está aberta dende setembro ata o 31 de outubro, e tamén se publicitou. En canto ao obxectivo da rebaixa do tipo de gravame, suliña que un obxectivo para 2023, porque para que entre en vigor o 1 de xaneiro tñase que ter comunicado ao Catastro antes do 1 de xullo, cousa que resultou imposible por non coñecer os valores da nova ponencia ata fai pouco tempo, e que esa rebaixa é unha medida que o Goberno Municipal pretende estudar para 2023, logo de que remate a vixencia desta bonificación potestativa.-

A sra. Bolaño Fariñas agradece a aclaración da sra. Taibo Fernández, e insiste en que hai que ter en conta se é vivenda habitual ou non e do tamaño da vivenda, e que a redución de impostos rebunda nos gastos das administracións en gastos sociais, e continúa que quen fixo obras lle ven incrementado o valor con retraso, cando o que non pode nos a fixo, polo que habería que ter en conta a equidade social.-

A sra. Salorio Porral agradece a aclaración da sra. Taibo Fernández, e continúa que a bonificación que se propón e a redución do tipo impositivo se pode facer ao mesmo tempo, e engade que se queren colgar unha medalla, porque nada impide que se recolla o cambio que o seu grupo pretende nesa modificación da ordenanza, e se non o fan así, insistirán coa moción que teñen rexistrada.-

O sr. Alcalde respóstalle á sra. Salorio Porral que esa proposta de moción precisa dun informe de Intervención para saber qué incidencia tería nas Contas para aprobala en Pleno, e como dixo a sra. Taibo Fernández os concellos que, de acordo ao texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, regula están sometidos a un proceso de valoración global teñen que comunicarlle ao Catastro antes do 1 de xullo calquera cambio no tipo impositivo, polo tanto para este ano era inviable o que eles propoñen, non leron a carta, pero tampouco leron o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e sorprende que sexan eles quen propoñen unhas cousas na oposición e aplican outras medidas estando no Goberno, porque cando eles chegaron ao Goberno o tipo impositivo do IBI estaba no 0,48% e se foron do Goberno co 0,60%; chegou o actual Goberno e rebaixaron o tipo ao 0,5%, agora hai unha ponencia de valores, e fan unha proposta de bonificación potestativa, porque hai que facer as cousas con responsabilidade, nin van rebaixar os ingresos do concello nin van cargar nos contribuíntes unha suba desproporcionada, e

dille que será un Goberno responsable e mentres teñan a responsabilidade de dirixir o concello farán propostas sostibles e que non prexudiquen á cidadanía de Sada, nin haberá grandes cambios, nin incrementos notables na recadación, nin tampouco proporán que a xente pague demasiado, pero ao mesmo tempo, dille á sra. Salorio Porral, que están proponendo unha rebaixa do 20% da recadación, son 600.000.- euros, a medida que vaian incrementándose esas valoracións farán modificacións do tipo e farán unha proposta con informe de Intervención e sabendo como se van resentir as arcas públicas, en positivo ou en negativo, e como se van resentir os contribuíntes, e equilibrar, porque dáse unha circunstancia, porque no ano 2015 o tipo impositivo estaba no 0,6% e o inmovible medio era de 40.000.- euros, ou sexa, que un inmovible medio de Sada pagaba 240,00.- euros, e coa previsión legal teñen a posibilidade no ano 2029 de que ese mesmo inmovible cunha valoración de 60.000.- euros poñer o 0,4%, co cal pagaría 240,00.- euros e habería que ver qué concellos en 15 anos teñen a capacidade de recadar o mesmo e non subir nada. Por outra banda, é un exercicio de responsabilidade que a xente que goberna plantexe qué tipos de IBI van cobrar, pero no ano 2022 decidirán de cara a 2023 e no ano 2023 terá que decidir quen governe no ano 2023, evidentemente cando se goberna se toman decisións, o actual Goberno tomou unhas decisións e o anterior Goberno tomou outras.-

A sra. Salorio Porral solicita a palabra, por alusións, cando estaban no Goberno no 2011 propuxeron unha suba do 0,02% no gravame porque tiñan que facer fronte a un caixón cheo de facturas, a unha responsabilidade patrimonial, toda unha serie de débedas que tiña nese momento o Concello de Sada que ascendía a máis de 4 millóns de euros, gastos pendentes de pagamento, casualmente ese acordo non se chegou a aplicar porque chegou a orde do Ministerio de Facenda, motivada pola situación económica na que deixou o sr. Zapatero a este país e quedou sen publicar polo que se aplicou o tipo do 0,60%, e engade que o resto son desculpas, se modificación non pode entrar no 2020, si que poderá entrar para o seguinte, e anuncia que votarán a favor de todo o que sexa beneficioso para os veciños de Sada, aínda que teñan intencións mellores.-

O sr. Alcalde respóndelle que agradece o sentido do seu voto, e sinala que foi unha circunstancia, porque mandou o sr. Montoro, pero tamén había potestade para rebaixar ese 0,48% para que o tipo impositivo non subira ata o 0,60%, porque houbo ese potestade de, durante catro anos, non subilo e non se fixo.-

Debatido o asunto, adóptase por unanimidade de votos a favor (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV) o seguinte acordo:

Primeiro.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, apróbase con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, nos seguintes termos:

-Modifícase o seu artigo 5

“(…)

3. Establecese unha bonificación na cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana equivalente á diferenza positiva entre a cota íntegra do exercicio e a cota líquida do exercicio anterior multiplicada esta última polo coeficiente do incremento máximo anual da cota líquida que queda establecido no 1,03 para todos os tramos do valor catastral e todas as modalidades de uso das construcións que en aquela se fixen e na que se sitúen os diferentes bens inmóveis do municipio, conforme establece o artigo 74.2 do TRLRHL.-

Esta bonificación terá unha duración de tres períodos impositivos e será efectiva a partir da entrada en vigor dos novos valores catastrais de bens inmóveis dunha mesma clase, resultantes dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral de ámbito municipal.-

Esta bonificación será compatible con outras ás que teña dereito o mesmo inmovible.-

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, no suposto de que a aplicación doutra bonificación conclúa no período inmediatamente anterior a aquel no que haxa que aplicarse sobre o mesmo inmovible a bonificación á que se refire este apartado, a cota sobre a que se aplicará, no seu caso, o coeficiente de incremento máximo anual será a cota íntegra do exercicio anterior.-

Cando en algún dos períodos impositivos nos que se aplique esta bonificación teña efectividade un cambio no valor catastral dos inmóveis, resultante de alteracións susceptibles de inscrición catastral, de cambio de clase do inmovible o dun cambio de aproveitamento determinado pola modificación do planeamento urbanístico, para o cálculo da bonificación considerárase como cota líquida do exercicio anterior a resultante de aplicar o tipo de gravame de dito ano ao valor base determinado conforme ao disposto no artigo 69 da TRLRHL.-

As liquidacións tributarias resultantes da aplicación desta bonificación rexeranse polo previsto no artigo 102.3 da Lei58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen que sexa necesaria a súa notificación individual nos casos de establecemento, modificación o supresión daquela como consecuencia da aprobación ou modificación da ordenanza fiscal.-

4. No suposto de que un mesmo suxeito pasivo teña dereito a mais dunha bonificación na cota do IBI por inmobles de uso residencial aplicarase unha única bonificación polo importe de maior contía; con excepción do previsto no apartado anterior”.-

Segundo.- O presente acordo será exposto ao público no Taboleiro de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, durante o prazo de 30 días hábiles a contar desde o día seguinte á data de publicación do último destes anuncios, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, quedando elevado a definitivo no caso de que non se presentaran reclamacións dentro do prazo sinalado.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as dez horas e corenta minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario Accidental, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario Accidental que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html